

IV

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA

PROPOSTAS DA RAG Ó GOBERNO
E MAIS O PARLAMENTO DE GALICIA

NECROLÓXICAS

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE COLABORACIÓN

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

Directiva da Real Academia Galega

Desde o 29 de novembro de 1997 ata o 29 de novembro de 2001, a directiva da Real Academia Galega estivo formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Francisco Fernández del Riego.
- Secretario: D. Constantino García González.
- Vicesecretaria: D^a. Luz Pozo Garza.
- Arquivoiro-Bibliotecario: D. Antonio Gil Merino.
- Tesoureiro: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.


Ata a elección da nova xunta directiva, a Presidencia foi ocupada interinamente por D. Constantino García González.

O 20 de decembro de 2001 constituíuse o novo equipo de goberno formado por:

- Presidente: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
- Secretario: D. Manuel González González.
- Vicesecretario: D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
- Arquivoiro-Bibliotecario: D. Antonio Gil Merino.
- Tesoureiro: D. Andrés Fernández-Albalat e Lois.

Relación dos actuais académicos numerarios

1. D. Domingo García-Sabell Rivas. Ingreso: 20 de xuño de 1959.
2. D. Francisco Fernández del Riego. Ingreso: 26 de novembro de 1960.
3. D. Antonio Meijide Pardo. Ingreso: 25 de maio de 1963.
4. D. Antonio Gil Merino. Ingreso: 13 de decembro de 1975.
5. D. Carlos Casares Mourriño. Ingreso: 27 de maio de 1978.
(Faleceu o 9 de marzo de 2002)
6. D. Xulio Francisco Ogando Vázquez. Ingreso: 18 de abril de 1980.
7. D. Miguel Anxo Araúxo Iglesias. Ingreso: 27 de maio de 1980.
8. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
9. D. Constantino García González. Ingreso: 12 de marzo de 1982.
10. D. Francisco Xabier Río Barxa. Ingreso: 25 de xuño de 1983.
11. D^a. Olga Gallego Domínguez. Ingreso: 15 de novembro de 1986.
12. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
13. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui. Ingreso: 25 de novembro de 1992.
14. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
15. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
16. D^a. Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
17. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
18. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
19. D. Antón Santamarina Fernández. Ingreso: 24 de outubro de 1998.
20. D. Xaime Illa Couto. Ingreso: 29 de xaneiro de 1999.
21. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
22. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
23. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
24. D. Xosé Luís Méndez Ferrín. Ingreso: 30 de setembro de 2000.
25. D^a. Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
26. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.



NOVO PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA BIOGRAFÍA DE D. XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ

Xosé Ramón Barreiro Fernández, un dos grandes historiadores de Galicia, naceu en Santa Uxía de Ribeira o 2 de decembro de 1936.

A súa ampla formación comeza cos seus estudos de Bacharelato nos Institutos de Pontevedra e Santiago de Compostela.

Estudou Filosofía e Teoloxía no Seminario de Santiago de Compostela e Dereito Canónico na Universidade Gregoriana de Roma, onde se doutorou coa cualificación de *Summa cum Laude* e acadou a Medalla de Ouro. Obtivo tamén a Licenciatura en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela con Premio Extraordinario, doutorándose en Historia novamente coa cualificación de *Summa cum Laude*.

Exerceu a docencia como profesor de Dereito Canónico e de Dereito Público Eclesiástico no Seminario Maior de Santiago de Compostela durante catro cursos e como profesor de Historia do Pensamento Social, na Escola Social da Igrexa de Santiago de Compostela, durante dez anos.

É profesor da Universidade de Santiago de Compostela desde 1975, ocupa actualmente a Cátedra de Historia Contemporánea de Galicia nas Facultades de Xeografía e Historia e Xornalismo. Foi decano da Facultade de Xeografía e Historia e Vicerrector da Universidade de Santiago.

Como docente universitario e conferenciante goza dunha recoñecida solvencia fundamentada nun discurso conceptual e rigoroso que non refuga a precisa ilustración anecdótica.

A historiografía galega, tradicionalmente afastada dos círculos universitarios e instalada nun proceso diferenciador, atopou no discurso e na obra do profesor Barreiro a confluencia da tradición co rigor académico necesario. Nunha lectura da súa ampla bibliografía, ó lado dos estudos centrados no ámbito da súa docencia, podemos ver que non descoída un ángulo de investigación como o dos estudos de bibliofilia, tan vinculados ó noso acervo cultural desde que D. Manuel Murguía os iniciara nos albores do provincialismo.

Ocupou e ocupa diversos cargos institucionais entre os que se poden mencionar os seguintes:

- Director do Instituto de Estudos Xacobeos e da revista *Compostellanum*.
- Secretario do Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento.
- Membro fundador da refundación do Seminario de Estudos Galegos, e membro da súa primeira Executiva.
- Membro do Consello da Cultura Galega desde a súa fundación. Actualmente exerce a representación da Real Academia Galega.
- Membro numerario do Instituto José Cornide.
- Membro da primeira Directiva do Padroado de Rosalía de Castro na súa nova andaina.
- Membro correspondente da Real Academia de Historia.

En 1971 ingresou na Real Academia Galega como académico correspondente e desde febreiro do ano 1997 é membro numerario. O seu discurso de ingreso versou sobre *O liberalismo coruñés: a segunda xeración (1823-1846)*.

Despois de formar parte da Comisión Executiva da RAG, como tesoureiro, na etapa de D. Francisco Fernández del Riego, ocupa a Presidencia da Institución desde o 20 de decembro de 2001.

Respectuoso sempre coa tradición, na liña renovadora do seu ilustre antecesor, está levando a cabo unha profunda remodelación que contempla a catalogación dos riquísimos fondos documentais e bibliográficos, sen esquecer a necesaria aproximación da institución á sociedade.

Obtivo distincións como O Premio da Crítica (Investigación) en dúas ocasións, o Premio Santiago da TVG, a Medalla Castelao, Premio da Asociación de Libreiros, etc.

Algúns dos seus libros, centrados no complexo mundo das ideoloxías e da dialéctica partidista do século XIX, acadaron entre os lectores certa categoría canónica, tal é o caso de *El Carlismo Gallego* (Santiago, 1976) e *El Levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* (Santiago, 1977).

Entre outros libros de interese podemos citar:

- *Los Gallegos*, Madrid, 1977.
- *Historia Contemporánea de Galicia*. Vigo, 1981.
- *Liberales y Absolutistas en Galicia*. Vigo, 1982.
- *La Imprenta en Galicia*. Lugo, 1982.
- *Historia de la Ciudad de La Coruña*. A Coruña, 1986.
- *Historia de la Imprenta en Galicia (siglo XV-1900)*. A Coruña, 1991.
- Tomos IV, V, VI, VII e VIII da *Historia de Galicia* do "Proxecto Galicia". Hércules de Ediciones, 1991-1994.
- *Los afrancesados de Galicia*. A Coruña, 1993.
- *Soto Freire, la imprenta en Galicia*. Santiago, 1998.
- *Os Parlamentarios de Galicia. Biografía de Deputados e Senadores (1810-2001)*. Santiago, 2001.
- *La Colección Histórica de Periódicos de La Voz de Galicia*. A Coruña, 2001.
- *Historia da Universidade de Santiago*. Santiago, 2000-2002 (2 tomos).

CRÓNICA DA ACADEMIA

XUNTAS CELEBRADAS

Durante o ano 2001 o Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria ou extraordinaria nas seguintes datas:

- Xunta ordinaria: 13 de xaneiro.
- Xunta ordinaria: 17 de marzo.
- Xunta extraordinaria e pública: 17 de maio (Día das Letras Galegas).
- Xunta ordinaria: 2 de xuño.
- Xunta extraordinaria: 28 de xullo.
- Xunta ordinaria: 8 de setembro.
- Xunta extraordinaria e pública: 27 de outubro (Ingreso de D^a. Xohana Torres Fernández).
- Xunta ordinaria: 17 de novembro.
- Xunta extraordinaria e pública: 17 de novembro (Ingreso de D. Xosé Neira Vilas).
- Xunta extraordinaria: 20 de decembro.

INGRESO DE ACADÉMICOS

Numerarios

- D^a. Xohana Torres Fernández.
En substitución de D. Aquilino Iglesia Alvariño.
Data de ingreso: 27 de outubro do 2001.
Título do discurso: *Eu tamén navegar*.
Resposta de Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
- D. Xosé Neira Vilas
En substitución de D. Xaquín Lorenzo Fernández (Xocas).
Data de ingreso: 17 de novembro do 2001.
Título do discurso: *A cultura galega en Buenos Aires 1950-1960*.
Resposta de D. Xesús Alonso Montero.

Electos

- D^a. Rosario Álvarez Blanco foi elixida académica numeraria o 2 de xuño do 2001.
En substitución de D. Antonio Iglesias Vilarelle.
- D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira foi elixido académico numerario o 17 de novembro do 2001.
En substitución de D. Manuel Gómez Román.

Correspondentes

- D. David Makenzie.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
- D. Xabier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
- D. Fernando López-Acuña López.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2001

O 17 de maio de 2001 dedicouse ó insigne lexicógrafo, poeta e xornalista D. Eladio Rodríguez González que foi académico numerario desta Institución desde os seus inicios no 1906 e, con posterioridade, secretario e presidente.

A sesión académica extraordinaria e pública celebrouse no Mosteiro de San Clodio, en Leiro coas intervencións dos seguintes académicos:

- D. Antón Santamarina Fernández.
- D. Xesús Alonso Montero.
- D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.

PREMIO P. SARMIENTO DE INVESTIGACIÓN EN MICROTAPONIMIA

O 17 de marzo de 2001 entregáronselles a Susana López Fernández, polo seu traballo *Microtoponimia de Vilamartín de Valdeorras*, e a Xurxo Pereira Morata e Isabel Pereira Morata, polo seu traballo *Microtoponimia do concello de Marín*, cadanseu accésit.

O xurado estivo formado polos académicos numerarios D. Manuel González González, D. Xesús Ferro Ruibal, D. Antón Santamarina Fernández, D. Ramón Lorenzo Vázquez e D. Francisco Fernández Rei.

SECCIÓNS

- **Sección de Lexicografía** creada en 1986.
Director: D. Manuel González González.
Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Traballos:
 - Nova edición do Dicionario da Real Academia Galega.
 - Dicionario castelán-galego.
 - Revisión do Dicionario galego de termos médicos.
 - Coorganización da XIV edición dos Cursos de Lingua e Cultura galegas para estranxeiros e de Lingua e Cultura galegas para españois de fóra de Galicia.
- **Sección de Sociolingüística** creada en 1990.
Director: D. Manuel González González.
Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Continuación dos traballos do proxecto “Deseño de medidas para a mellora de actitudes de cara ó incremento do uso do galego”.
- **Servicio de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (TERMIGAL)**, creado en 1996.
Director: D. Manuel González González.
Traballos:
 - Vocabulario galego de acuicultura.
 - Vocabulario galego das artes gráficas.
 - Diversos vocabularios sobre linguas de especialidade.
 - Resolución de consultas de terminoloxía puntual.

- **Sección de Historia**, creada en 1998.
Director: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Asinouse un convenio de colaboración co Parlamento de Galicia para a edición da obra de investigación *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810-2001)*. Comprende a representación parlamentaria galega desde as primeiras Cortes ata a actualidade. Nestes momentos, prepárase unha segunda edición, para incluír novas biografías e actualiza-las xa existentes.
A Fundación Pedro Barrié de la Maza financia a edición da obra *Epistolario de Murguía*. Esta publicación poñerá a disposición dos investigadores, a través dos catro volumes proxectados, unha correspondencia clave para entende-la cultura galega.
- **Sección de Literatura**, creada en 1998.
Director: D. Xesús Alonso Montero.
Está en preparación a edición do Epistolario de Curros Enríquez que financia o Concello da Coruña.
- **Sección de Gramática**, creada no ano 2000.
Director: D. Antón Santamarina Fernández.
Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Real Academia Galega.
Estase a traballar no proxecto titulado *Gramática xeral descritiva da lingua galega*.
- **Sección de Onomástica**, creada no ano 2001.
Director: D. Xesús Ferro Ruibal.
Financiamento: Real Academia Galega.
Traballos:
 - Informes de onomástica a pedimento de diferentes xulgados de España.
 - Organización do I Congreso Internacional de Onomástica Galega Fr. Martín Sarmiento.
 - Borrador de acordo sobre exonimia coa Real Academia Vasca e o Institut d'Estudis Cataláns. As sucesivas versións deste borrador foron examinadas polo Plenario desta Academia.
- **Biblioteca e hemeroteca**.
Director: D. Antonio Gil Merino
Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
Os seus fondos proceden maioritariamente de doazóns e de intercambio de publicacións con diversos organismos e institucións. Tamén se leva a cabo unha política de compra de libros, revistas e xornais, sobre todo de fondo antigo e galego, acorde coas características desta biblioteca e hemeroteca.
- **Arquivo**
Director: D. Antonio Gil Merino.
Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
Rematouse a catalogación dos pergamiños e documentos históricos e continúa-se coa dos arquivos persoais.

CONVENIOS

Durante o ano 2001 a Real Academia Galega asinou unha serie de convenios de colaboración con distintas entidades, co fin de desenvolver proxectos concretos.

- Convenio de colaboración entre Caixanova e a Real Academia Galega polo que a entidade financeira subvenciona a adquisición do arquivo e fondos documentais de D. Andrés Martínez Salazar.
- Ampliación do convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Real Academia Galega para a continuación da obra *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810-2001)*.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Real Academia Galega para continuar coa nova edición do *Diccionario da Real Academia Galega* e elaborar unha *Gramática Galega*.
- Convenio plurianual de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Real Academia Galega para darlle continuidade ó equipo de traballo da sección de sociolingüística.
- Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financia-los gastos de funcionamento da mesma.
- Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para o financiamento de actividades culturais.
- Convenio de colaboración entre a Fundación Germán Sánchez Ruipérez, a Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia Galega, para a realización dun proxecto de investigación sobre a edición e o libro en Galicia, hábitos de lectura e formas de acceso ó coñecemento na sociedade do século XXI.
- Financiamento da edición do *Boletín da Real Academia Galega* 2001, pola Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones, S.A.
- Convenio plurianual de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Real Academia Galega para o mantemento do Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Real Academia Galega para a organización de decimocuarta edición dos cursos de verán de lingua galega para estranxeiros.
- Convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a informatización da biblioteca e o arquivo.

INSTITUCIÓNS CON REPRESENTACIÓN DA RAG

- Consello da Cultura Galega.
- Padroado da Biblioteca Nacional.
- Padroado da Fundación Rosalía de Castro.
- Padroado da Fundación Luís Seoane.
- Padroado da Biblioteca do Real Consulado.
- Padroado do Museo do Pobo Galego.
- Padroado da Fundación Castelao.
- Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Padroado da Fundación Caixa Galicia.

INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

- Instituto da Lingua Galega (ILG).
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Fundación Rodríguez Iglesias.
- Hércules de Ediciones, S. A.
- Universidade da Coruña.
- Universidade de Santiago de Compostela.
- Consello da Cultura Galega
- Concello da Coruña.
- Museo de Pontevedra.
- Arquivo do Reino de Galicia.
- Fundación Caixa Galicia.
- Fundación Luís Seoane.

DOAZÓNS

O 12 de xullo de 2000¹, D. Xosé Neira Vilas e a súa dona, D^a. Anisia Miranda, doaron unha serie de documentos.

- 30 Cartas asinadas por Murguía e Uxío Carré (en castelán).
- 21 Cartas asinadas por Murguía só (en castelán).
- 13 Cartas asinadas por Murguía e Uxío Carré (en galego).
- 71 Cartas asinadas por diversas persoas, emitidas en Galicia e en Cuba, das que 16 están escritas en lingua galega. Ademais de Murguía e Carré nalgúns casos, os nomes máis coñecidos, entre asinantes ou destinatarios son: Curros Enríquez, Fontenla Leal, Álvarez Insua, Vaamonde Lores, Antón Villar Ponte, Xosé Pérez Ballesteros, Salvador Golpe, Chané, Fernández Latorre, Rodríguez López, Guillermo Tomás, Amor Meilán... A sinatura de Manuel Murguía aparece 66 veces. As datas destas cartas van dende 1890 a 1951 e achégannos ó devir da Real Academia Galega e da Asociación Iniciadora sobre todo no período de 1910 a 1918.

Estas cartas e outros documentos que forman parte desta doazón son de gran interese para a historia da Real Academia Galega.

O 17 de marzo de 2001, D^a. Adela Vila, viúva de D. Xosé Luís Bugallal Marchesi, en representación da familia Bugallal, entregou á RAG en concepto de doazón, correspondencia que a escritora Sofía Casanova e a súa filla, Bela Lutoslavsqui, mantiveron con D^a. Pilar Marchesi e co que foi membro numerario desta institución, D. José Luís Bugallal Marchesi, así como datos e fotos de Alfonso Cela, “Celita”.

O 15 de maio de 2001, D. Antón Vilar Casal e D^a. Isabel Vilar Casal por mediación de D^a. Esperanza Casal Rodríguez, viúva de D. Antón Vilar Chao, fixeron doazón dunha colección de libros que pertenceron a D. Antón Vilar Ponte, membro numerario da Real Academia Galega, libros dedicados, na súa maioría, polos propios autores. Trátase dun moi importante elenco bibliográfico.

Durante o ano 2001, a familia Dónega doou parte da biblioteca de D. Marino Dónega Rozas, membro destacado da Real Academia Galega.

O 27 de outubro de 2001, D^a. M^a. Pilar Veiga González, neta de D. Pascual Veiga, en representación dos seus irmáns e dela mesma, fixo doazón do arquivo musical do seu avó, no que se inclúe a partitura orixinal do Himno Galego.

ADQUISICIÓNS

A entidade financeira Caixanova subvencionou a adquisición do arquivo e fondos documentais do que foi segundo presidente da Real Academia Galega, D. Andrés Martínez Salazar, mediante un convenio de colaboración asinado polos representantes de ambas dúas corporacións, o director xeral de Caixanova, D. Julio Fernández Gayoso, e o Presidente da RAG, D. Francisco Fernández del Riego.

A adquisición, ademais do fondo documental Andrés Martínez Salazar, contén documentos e correspondencia do seu neto Andrés Martínez-Morás y Soria, propietario da totalidade do fondo.

CONTRIBUCIÓNS ECONÓMICAS

Durante o ano 2001, ademais dos convenios asinados con institucións, tanto públicas como privadas, a RAG recibiu axudas de tipo económico para contribuír ó desenvolvemento da súa actividade diaria.

- Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.
- Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

PUBLICACIÓNS

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810-2001)*. Parlamento de Galicia e Real Academia Galega, Santiago de Compostela, 2001.
- *Boletín da Real Academia Galega*. Hércules de Ediciones S. A., Fundación Rodríguez Iglesias, Real Academia Galega, A Coruña, N^o 363, ano 2001.
- *Cadernos de Lingua*, Real Academia Galega, Santiago de Compostela, n^o 23, ano 2001.
- TORRES FERNÁNDEZ, Xohana. *Eu tamén navegar*. Discurso lido o día 27 de outubro de 2001, no acto da súa recepción, e resposta de don Salvador García-Bodaño, Real Academia Galega, A Coruña, 2001.
- NEIRA VILAS, Xosé: *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960*. Discurso lido o día 17 de novembro de 2001, no acto da súa recepción, e resposta de don Xesús Alonso Montero, Real Academia Galega, A Coruña, 2001.

1 Dáse conta desta doazón no presente número da revista e non no anterior, como correspondía, xa que se fixo efectiva nunha data posterior á publicación do último número do *Boletín da Real Academia Galega*.

PROPOSTAS DA REAL ACADEMIA GALEGA Ó GOBERNO E MAIS Ó PARLAMENTO DE GALICIA

Aprobadas na sesión do 8 de setembro do 2001

Excelentísimos Señores representantes do Pobo galego

A situación da lingua galega debe ser obxecto de especial atención nun programa de Goberno, porque a lingua é o elemento esencial que xustifica a existencia da propia nacionalidade histórica. Por iso, esta Real Academia Galega quere lembrarllles algunhas urxencias que a lingua presenta a aquelas persoas que aspiran a asumir a máxima responsabilidade de goberno en Galicia. Non é obxecto deste breve comunicado un por menorizado estudio da situación, dado que os propios partidos teñen no seu seo sociolingüistas que están capacitados para facelo, senón só sinalar algunhas necesidades inaprazables.

Esta Academia empeza por recoñecer que, maiormente dende que Galicia ten autonomía, a lingua galega deu un salto moi importante na súa presenza pública, no acceso a ámbitos e funcións que había séculos que perdera ou nos que nunca estivera, na difusión dun estándar dentro e fóra de Galicia, na multiplicación de publicacións, na extensión do seu estudio e consecuentemente no prestixio social e na aceptación por parte de sectores sociais que antes lle eran indiferentes ou hostís. Ben mirado, a normalización da lingua galega era unha innovación moi profunda dos usos atávicos en Galicia e os sucesivos Gobernos galegos tiveron un traballo non sempre doado nin sempre aplaudido. A Academia recoñece a dificultade, os éxitos e as sombras. En calquera caso agradece o traballo a tódolos servidores públicos que, dende o goberno ou dende a oposición, traballaron por faceren máis suave e máis eficaz esta innovación de normalizar a lingua galega.

Na seguridade de que a todos nos anima o sentimento sincero de garantirlle á nosa lingua as *mil primaveras* que soñou Cunqueiro, esta Academia quere enfocar algúns problemas que están pexando innecesariamente o avance.

Medios de comunicación públicos (CRTVG, TVE, RNE)

O prestixio de que gozan os medios de comunicación nesta sociedade prestixia a lingua na que transmiten. Algúns dos máis arraizados prexuízos lingüísticos esfareláronse nestes anos nos que a sociedade galega, afeita a vivir en diglosia, puido ver que de todo se podía falar e se falaba en galego. E, vendo que en galego se falaba de medicina, economía, filosofía, deportes ou se dicía a misa, era doado mentalizar que en galego se podía facer todo iso, aínda que nunca tal se vira. A CRTVG foi posiblemente o máis eficaz ins-

trumento do cambio de mentalidade do pobo galego verbo da súa lingua. Esta Academia quere felicitar a cantos traballadores puxeron o seu saber e mailo seu traballo nesta gran obra.

A Academia quere, sen embargo, advertir algunhas importantes disfuncións. A primeira é a rutina xa ben asentada en moitos traballadores de elaboraren en castelán un produto que se emite en galego. Máis alá da falta de sintonía coa razón primeira da existencia da empresa, isto prexudica os locutores que no directo se ven forzados a seren tradutores simultáneos con mingua da calidade. Resulta estridente, ademais, para cantos galegos se achegan a unha gravación observar que parte do funcionamento interno da CRTVG non corresponde ó elemento que a distingue doutras cadeas: a lingua. A segunda disfunción é a extensión dos problemas lingüísticos de moitos locutores. Por non falar máis ca do eido fonético, existe unha alarmante proporción de persoas que non distinguen vocais abertas de pechadas, despalatalizan o xe, fan alveolar o ene velar ou entoan o galego con cadencias ascendentes impropias da nosa lingua. Cando entrevistan un galego falante auténtico, chama a atención con demasiada frecuencia o contraste entre a rica fonética do entrevistado e a pobreza da do entrevistador. Tendo en conta que as cadeas de radio e televisión son en todas partes as primeiras difusoras e moldeadoras do estándar, debe de producirse un cambio substancial se non queremos que en pouco tempo a lingua galega media perda a súa identidade. A pesar dos esforzos de asesoramento lingüístico personalizado, que a moitos locutores lles ofrece a CRTVG, a situación é deficitaria. A CRTVG debe marcarse o obxectivo de que, como noutros países, o seu galego poida recomendarse como modelo ós estudantes de lingua. Para isto é imprescindible que na elección dos que han de poñer-la súa voz a aprobación previa dos lingüistas sexa requisito indispensable e anterior á valoración da fotoxenia, elegancia, expresividade e demais condicións para ese traballo.

Nos outros medios públicos a situación non parece mellor.

Medios privados de comunicación

A situación do galego nos medios privados de comunicación é irrisoria. Nas publicacións da Academia xa se publicaron algunhas medicións que fan ver que a presenza nos xornais dende 1990 a fins de 1998 variou dun 4'23% a un 3'29%, se non contámo-la presenza do xornal *O Correo Galego* (e, se o incluímos, a 14'57%). Na actualidade esa proporción parece manterse e, a primeira vista, non parece que fose peor antes da Constitución. Para máis, os contidos en galego son, en boa parte, colaboracións literarias e publicidade institucional directa ou en forma de reportaxe.

A situación é anormal. Esa proporción non corresponde a ningún dos datos que ofrece o *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Non cadra cos datos de capacidade de comprensión ou de lectura da sociedade galega, nin cos do uso real, nin co que os propios galegos din desexar para esta actividade. O escaso eco conseguido por algúns medios escritos en

galego non é, na opinión desta Academia, atribuíble, de maneira primordial e moito menos de maneira exclusiva, a cuestións estrictamente lingüísticas.

A función de espello que cumpren os medios privados de comunicación funciona en Galicia de maneira deformante. Boa parte do que acontece en galego aparece nos medios en castelán, co que a sociedade galega interioriza inconscientemente que a súa verdadeira realidade é outra. E esta falsa imaxe, que un acaba tendo de si mesmo, actúa despois negativamente nas escollas lingüísticas que poida facer na actividade familiar ou profesional. Mentres os medios de comunicación privados non deixen de presentar deformada a realidade lingüística de Galicia, mentres a sociedade galega se vexa neles cunha proporción de uso lingüístico distinta á real, vai ser moi difícil loitar contra inhibicións inexplicables no eido familiar.

A Real Academia Galega xa se dirixiu hai dous anos a tódolos medios de comunicación privados e o silencio foi case total. Non se pedía, nin se pide, unha brusca alteración de pautas de traballo que poidan crear problemas laborais ou incidir negativamente nas vendas. Pedíase e pídesse un aumento anual dun 10% de uso, ben dosificado polas seccións de maior audiencia, para ir estimulando suavemente a aceptación do seu público e creando lentamente a demanda que os medios saben crear tan ben. A Real Academia Galega cre que a experiencia destes anos demostra que a lingua en Galicia non é un problema de comunicación, non é un ruído, senón todo o contrario: varias veces as maiores cotas de audiencia acadáronse con produtos en galego.

O Goberno Galego dispón de importantes recursos para estimular este aumento de uso. Nin son os únicos o control daqueles medios ós que se lles concedeu licencia de emisión cunha proporción de galego preestablecida na concesión. A Real Academia Galega solicita do próximo Goberno Galego un compromiso de acción eficaz neste eido, sen o que será moi difícil que Galicia presente o seu verdadeiro rostro e se libere de tabús lingüísticos que aínda pechan o uso normal da lingua galega.

O ensino

O ensino é unha actividade regulada directamente polo Goberno de Galicia e nel ten, polo tanto, unha responsabilidade decisiva. A Academia recoñece que se fixeron neste sector algúns dos máis intensos esforzos humanos. O froito máis importante é o aumento da competencia lingüística das xeracións máis novas. Podemos dicir que hoxe os menores de 30 anos saben masivamente ler e escribir en lingua galega e teñen coñecementos básicos da nosa realidade cultural. Nunca antes se vivira unha circunstancia semellante na historia de Galicia.

Sen embargo, é notorio non só que a lexislación de uso do galego nas aulas se incumpre masivamente, senón tamén que parece que entran nas aulas máis galegofalantes dos que saen. Isto significa que globalmente o sistema escolar non cumpre os obxectivos lingüísticos estipulados e que alí onde os cumpre parece ser resultado da opción persoal do profesor.

A Real Academia Galega solicita que o próximo Goberno galego poña en marcha unha profunda e aberta reflexión sobre as razóns desta resistencia pasiva dun sector do funcionariado e a adopción de medidas eficaces.

A actividade empresarial

A Real Academia Galega coida que o futuro da lingua galega non se está xogando exclusivamente no eido cultural. A actividade empresarial (fabril e mercantil) é unha actividade prestixiosa e prestixia a lingua que a vehicula. Orabén, esta actividade é un dos ámbitos sociais nos que a lingua galega xoga con máis claridade o papel de lingua subordinada. Con moita frecuencia publicítase, véndese e factúrase en castelán o que se produciu ou elaborou en galego. Con moita frecuencia no mundo da empresa a lingua marca as diferencias de categoría e nómina con máis nitidez cós uniformes de traballo. Ademais, o feito de que o voluminoso investimento publicitario deste sector se faga case só en castelán, condiciona a lingua de boa parte dos procesos empresariais anteriores; e, cando promociona o produto que anuncia, tamén privilexia indirectamente (ou subliminalmente) a lingua que vehicula a programación, a publicidade, a transacción e a factura. En cada unha destas operacións empresariais a lingua galega sae silenciosamente derrotada.

Sen embargo, isto non é así necesariamente: os estudos de mercado publicados polo Consello da Cultura Galega evidencian que en Galicia a exclusividade do castelán non só non é indispensable dende unha perspectiva estrictamente comercial senón que, pola contra, o galego en Galicia axuda a vender.

A Real Academia Galega coida que as institucións públicas poderían intervir decisivamente e colaborar a quitarlle á lingua galega esta mordaza que a rutina vén aceptando inconscientemente. Referímonos ás multimillonarias axudas ou subvencións que dende diferentes Consellerías se facilitan a numerosas empresas. Chegaría con condicionar esas axudas a un impulso do uso do galego por parte desas empresas. Non se trata de condiciona-la lingua nas súas relacións comerciais co exterior de Galicia senón da súa actividade en Galicia.

A Xunta de Galicia debería esixir como contrapartida ás subvencións que outorga contratos dos traballadores e nóminas en galego, rotulación da empresa en galego, etiquetado, publicidade e facturación para Galicia en galego.

Microtoponimia

Galicia dispón dun arquivo documental de excepcional riqueza na súa toponimia como consecuencia da dispersión da poboación e do minifundio. Non ten equivalente en toda a península ibérica. Sen embargo o abandono da actividade agraria, o xigantesco proceso de urbanización e diversas intervencións como obras públicas ou concentración parcelaria poñen en perigo de desaparición irreversible unha gran parte deste tesouro.

Catastros, mapas e demais documentos conteñen moitas veces reproducións contradictorias e por veces aberrantes destes topónimos. Só os moi vellos gardan memoria das formas auténticas pero os vellos estánsenos indo. Cómpre unha acción institucional intensa (que pode estimular a cooperación privada, como acontece xa con certas Comunidades de Montes) que salve nesta lexislatura este tesouro, na seguridade de que na posterior sería xa inútil intentalo. Esta Real Academia Galega, en coherencia cos seus Estatutos, iniciou este traballo, que deberán realizalo preferentemente filólogos autóctonos, convocando o *Premio P. Sarmiento de investigación en microtoponimia* e que salvou a dous Concellos (Marín e Vilamartín de Valdeorras). A Xunta de Galicia puxo tamén en marcha unha actividade paralela, óptima no método pero insuficiente nos recursos.

A Real Academia Galega considera boas tódalas iniciativas pero advirte que estamos ante unha emerxencia cultural. Precísase un proxecto máis ambicioso que nos permita salvar en catro anos a microtoponimia ou estarémola dando por perdida para sempre.

A Academia entende tamén que, tendo por lei a competencia para dictamina-lo correctamente lingüístico, debe de estar presente como tal na Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia que establece as formas legais dos topónimos.

Nova Lei de Normalización Lingüística

A vixente Lei de Normalización Lingüística foi providencial e permitiu importantes avances na protección e na normalización do galego. Pero a aplicación práctica da lei e o tempo transcorrido dende 1983 fixeron ver lagoas e imprecisións deste instrumento xurídico. De por parte, apareceron situacións novas e incluso o Estado Español adquiriu compromisos lingüísticos internacionais (*Carta Europea das Linguas*) que non están contemplados na Lei de 1983. Cómpre actualizala no mesmo clima de consenso que presidiu a elaboración daquela.

- 1.— A *Carta Europea das Linguas*, á que se adheriu recentemente o Goberno español, contempla no seu articulado outros dereitos e alcances legais para o fomento e protección das lingua menos estendidas, entre as que está o galego. Os dereitos lingüísticos dos cidadáns que recolle a *Carta* non están suficientemente recoñecidos na nosa Lei de 1983.
- 2.— A produción lexislativa estatal sobre as linguas españolas en distintos ámbitos nestes 18 anos construíu un dereito que non está expresamente incorporado á Lei de 1983.
- 3.— Hai sectores para os que a Lei nada contempla, coma tal, as relacións laborais e profesionais, o ámbito privado, os dereitos dos consumidores e usuarios. Tampouco as novas tecnoloxías e os medios de comunicación audiovisuais están suficientemente contemplados: estas novísimas ferramentas están axudando moito a lingua galega pero é igualmente certo que o seu uso real funciona como factor de

desgaleguización en territorios e ámbitos tradicionalmente galegófonos. Unha nova Lei ten que controla-los usos nocivos para identidade galega destas novas ferramentas e impulsa-la presenza nelas da lingua galega.

- 4.— Na nova lei a toponimia debe ter maior precisión. Debe deslindarse de quen é a autoridade en materia de lingua, para evita-la contradicción actual de que esta parte da lingua estea sendo dictaminada polo Goberno galego, a través da súa Comisión de Toponimia, na que a Academia nin sequera está actualmente presente como institución. A Academia recoñece a competencia científica dos lingüistas da Comisión de Toponimia pero desexa que esta ambigüidade se resolva.
- 5.— Unha parte importante do Dereito, en expansión, é a dos dereitos civís e mercantís. No primeiro, por exemplo, non se prevé a presenza de inmigrantes, que vai ir a máis. Os seus dereitos e a política de integración deben ser vistos nunha inter-relación dende as instancias públicas. No eido mercantil a lei actual non entra neste asunto, por iso aínda perviven conflitos coma os dos Rexistros Mercantís, de competencia estatal, que actúan ó arbitrio de cada titular.
- 6.— O ámbito xudicial rexistrou nestes dezaoto anos importantes modificacións lexislativas que tamén afectaron ás linguas. Cumpría incorporar ó novo texto, cun sentido harmonizador, as precisións lexislativas (*Lei Orgánica do Poder Xudicial*, *Lei de Axuízamento Criminal* etc.). Os milleiros de expedientes que se examinan e sancionan no ámbito contencioso - administrativo e unha parte substancial dos actos xurídicos documentados nas notaría polos diferentes departamentos da Xunta fanse en castelán. Cumpría que os servizos xurídicos da Xunta de Galicia tramitasen de oficio en lingua galega tódolos expedientes perante as diversas xurisdicións e que, no seu caso, solicitasen que o Tribunal dictase sentenza en lingua galega.
- 7.— Cumpría ter en conta tamén os cambios que experimentaron as regulamenta-cións da Administración Local e estatal.
- 8.— O futuro da lingua galega non se xoga exclusivamente no eido cultural. A empre-sa é un sector prestixioso e prestixiador e, en consecuencia, aquelas empresas que reciban algún tipo de axuda económica por parte do Goberno Galego virán obriga-das a impulsa-lo uso da lingua galega no conxunto da súas actividades de xeito que se deberán comprometer a teren en galego polo menos
 - a) **contratos dos traballadores e nóminas,**
 - b) **rotulación da empresa,**
 - c) **etiquetado e publicidade para Galicia.**
- 9.— Agradécense os esforzos que algúns cargos públicos electos ou designados fixeron para falaren o galego no exercicio da súa función. Sen embargo, 18 anos despois da actual Lei, comparecen ás veces ante os medios de comunicación persoas que chapurrean con tanto esforzo, que producen unha impresión penosa para os

vellos que o falaron toda a vida e para os centos de miles de rapaces, mozos e adultos que o estudaron e que tiveron que acreditar en exames o seu dominio. É coma se os nosos representantes puidesen eximirse do que lles esixen ós seus electores. Ninguén debía poder acceder a un cargo público en calquera administración e en calquera nivel se non acredita con feitos que está en condicións de se expresar con fluidez, e con corrección, en lingua galega oralmente e por escrito. Fluidez e corrección parecen esixibles por igual.

- 10.— Debía debaterse se é a Lei ou algunha norma de rango inferior quen ten que preve-lo que se debe facer en caso de incumprimento manifesto e reiterado da Lei.
- 11.— A actual Dirección Xeral de Política Lingüística debía ter competencia sobre a actividade de tódalas Consellerías, ben dándolle rango de Vicepresidencia, ben pasando a formar parte da Consellería de Presidencia, para que toda a acción institucional teña o mesmo compromiso de promoción da lingua galega. E certamente debe estar dotada de medios económicos suficientes, evitando a continua diminución de recursos dos últimos anos.

A Academia saúda os novos representantes do pobo galego e deséxalles éxito na súa actuación para ben de toda Galicia.

A Coruña 22 de outubro do 2001.



In memoriam MARINO DÓNEGA ROZAS

Temos tan preto a perda do vello amigo e compañeiro, que resulta doado sentilo vivo na nosa memoria. Con Marino Dónega desapareceu un peculiar xeito de ser, unha vida consagrada entrañablemente a Galicia. Profesou o culto ó país, á súa lingua, ó seu espírito. Fixo sempre uso de valores éticos que reflectían a conducta que o singularizaba. Vinculouse ó mundo literario cunha actitude antirretórica. Unha actitude que o afastaba do conformismo, da trivialidade.

Nacera ocasionalmente en Huelva o ano 1916, por razóns profesionais do pai. Pero veu vivir de moi novo a Galicia. Cursou o bacharelato en Lugo e na Coruña. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago. Exerceu durante longo tempo a avogacía. Coñecémonos e amigamos sendo ben mozos ámbolos dous. Coincidimos na laboría da “Federación de Mocidades Galeguistas”, e nos traballos de propaganda do Estatuto autonómico do 36. Despois da guerra civil, en cantas empresas culturais se artellaron ó servicio do país noso.

Unha das notas que o caracterizaban era a da vocación dialogante. Gustáballe dialogar. O que falaba resultaba de valor sólido, baseado nas inquietudes intelectuais que nunca deixaron de animalo. Tirou dos libros e da vida o que poderíamos considerar unha especie de licor. Un licor que o entusiasmaba sen se lle subir á cabeza. A súa conversa era grata, cómoda, non va, senón útil. Non só se interesaba polas opinións diverxentes. Mesmo se compracía no comercio dos seus semellantes.

Podemos acreditar, polo trato íntimo, que un dos trazos que o definían viña ser o de curiosidade. O seu periscopio sabía concentrar imaxes de todo tipo: persoas, paisaxes, sentimentos. Asemade, libros, xornais, faladoiros, frases enxeñosas. Gorentábao mirar para as cousas, as xentes, o material, o espiritual. Facía gala, ademais, dun particular humor, que remataba coa sinatura de gargalladas barulleiras.

Foi Marino Dónega pouco adicto a se expresar literariamente na escrita. Cultivou as letras no periódico, na revista, en limiares de edición de varios autores que el mesmo artellaba. Así, en artigos sobre Fernando Osorio, Luís Seoane, Rafael Dieste, nos prólogos dunha *Escolma posible* de Castelao, de *Prosas galegas* de Cuevillas, de *Poesías, Escolma* de Ramón Cabanillas. En volume da propia autoría, soamente publicou a colectánea de biografías de Fermín Penzol, Ánxel Fole e Ramón Piñeiro, co título de *A Memoria e os amigos*. Neste reconto debe figurar tamén o seu discurso de ingreso na Academia sobre “Análisis da obra de Castelao *Os dous de sempre*”.

Era certamente intelixente cando escribía. Posuía unha lixeireza peculiar para fuxir do recargado, da pedregosidade. Pero, á marxe da súa escasa produción como escritor, compre salientalo seu malbarato nas conversas dos faladoiros. Amosou decote unha

total apertura de espírito á comunicación oral, ó intercambio espontáneo do pensar, do sentir. A súa amenidade emitía certo contaxio. Non era orador, no sentido usual do termo, era, iso si, un bo conversador.

Desempeñou o seu papel como membro ou dirixente de institucións de cultura: socio cofundador e despois presidente da “Editorial Galaxia”. Membro do Consello de redacción da revista *Grial*. Patrono da “Fundación Penzol” e da de Otero Pedrayo. Membro do Consello da Cultura Galega, e Secretario durante moitos anos da nosa Academia. En todas estas institucións evidenciou dotes de home harmonioso. Lembramos con saudade o que para el constituía o substancial do mundo galego e das criaturas que o poboan. A valoración que facía das súas personalidades, presencias, esenciais.

Había en Marino Dónega unha fonda preocupación do que Galicia é, e do que podía ser. Camiñou a cotío ó seu paso normal, pero embebido de amor pola pequena terra verde. Co seu periscopio ollaba, aprendía, describía con precisión e xusteza.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO